

TÍTERES

ALAKRÁN



PRESENTA



Os
sonhos
na
galaxia
de Manuel María



DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: ROI VIDAL PONTE

PRESENTACIÓN

Os soños na gaiola de Manuel María é unha obra de monicreques para público infantil e familiar que supón a homenaxe que Títeres Alakrán e o dramaturgo e director Roi Vidal lle querén facer ao poeta Manuel María no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas. O espectáculo déixase levar polo influxo de Alicia no país das marabillas de Lewis Carrol para ofrecer unha mirada nova sobre os poemas do libro Os soños na gaiola co obxectivo de les achegar aos máis cativos o mundo rural da infancia do poeta chairego. Un mundo que á pequena Alicia, unha nena urbana da actualidade, lle resulta extraño, mais que acabará comprendendo e amando.

SINOPSE

O titiriteiro chega á vila cunha gaiola cargada de soños. Acompaña o poeta Manuel María transformado en monicreque. Manuel María quere que o titiriteiro represente os poemas que el escribiu para divertir aos nenos e nenas galegos. Para facelo, o titiriteiro pídelle aos integrantes do público que sopren forte para lle axudaren a facer nacer a Alicia, a nena protagonista desta historia.

Alicia vivirá unha serie de fantásticas aventuras na súa viaxe por un mundo que lle resulta exótico, extraño, e mesmo incomprendible. Ao comezo da súa andaina, Alicia tópase co Río Miño, que ten présa por realizar a importante misión que lle encomendada: atravesar Galicia antes de chegar ao mar. Pola confusión do nome, O Río Miño intenta atravesar a Alicia, mais ela acláralle que para ser Galicia lle faría falta un G que non ten.

A partir deste momento, e subida no pequeno Barco de Xoguete Voador, Alicia intentará axudar ao Río Miño a encontrar a esa Galicia que tanto busca. No seu

camiño atopará seres extraños como o Gaiteiro Soñador, o Muíño Triste, os Labregos Xemelgos ou o Galo Gai, e toda unha galería de personaxes maravillosos e sorprendentes que lle irán dando pistas sobre Galicia. O único problema é que a maioría destas pistas son adiviñas misteriosas ou versos poéticos que Alicia vai ter que descifrar para saber que diantres é Galicia e onde está agochada...

VALORES DA PRODUCCIÓN

- Constitúe unha proposta diferente de achegar a *palabra poética* de Manuel María, grazas aos recursos escénicos e dramaturxicos que proporciona o teatro de títeres.
- Nace para promover tanto o uso da nosa lingua como o interese pola nosa cultura.
- Pon en valor a Galicia rural e labrega, co gallo de transmitir aos máis novos a esencia da nosa identidade e as nosas tradicións.
- Supón unha nova mirada á obra a partir do universo máxico da *Alicia* de Lewis Carroll.
- Fomenta a participación do público coa intención de potenciar a súa creatividade e de dinamizar a través da lingua.
- Aborda a obra dun dos poetas galegos máis comprometidos coa nosa lingua.

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!

A fala, Manuel María

FICHA TÉCNICA

- Título: Os soños na gaiola
- Xénero: Técnicas variadas e actor
- Público: infantil, xuvenil e familiar
- Duración: 50 minutos
- Formato: mediano
- Compañía: Títeres Alakrán
- Dirección e dramaturxia: Roi Vidal Ponte
- Escenografía e Manipulación: Borja Insua Lema
- Producción: Yolanda del Campo
- Grafismo: Mario Maceiras

ROI VIDAL PONTE

Roi Vidal Ponte (Santiago de Compostela, 1982), filólogo, poeta, dramaturgo, crítico teatral, músico e director de escena, comeza a editar poesía e teatro en publicacións especializadas como Revista das Letras, Dorna ou Casahamlet. Fica finalista en 2008 do II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico (Xerais) coa peza *Último Capítulo*, e do Premio Xuventude Crea en 2010 co poemario *Pop* e en 2011 co relato *un Coitelo manchado de graxa*. En 2012 obtivo o Premio Concello de Carral co poemario *Teatro*. A súa peza *Canción triste de Wall Street* forma parte do libro *Banqueiros* (Laivento, Premio da Crítica 2013). En 2014 publica unha biografía de Roberto Vidal Bolaño titulada *Fóra de Portas* (Edicións Positivas).

Como director teatral estrea as pezas *Matilde*, de David Pobra e Mario Benedetti (para Bicodobrelo, 2008), *Faraos*, del mesmo (Tirita Producións, 2011), *Operación Triunfo* (creación colectiva de Gargallada Teatro a partir de *Ubu Roi* de Alfred Jarry, 2015) e *Illa/Ollo*, de Manuel Lourenzo (Nasdrovia Teatro, 2015). Como dramaturxista crea o libreto de *Bailadelas. Mulleres Bolañesas* dirixida por Xavier Estévez para Teatro Antroido no ano 2013, e con esta mesma compañía liderada por el xunto con Laura Ponte realiza no ano 2015 *Rosalías. Unha vida de luces e sombras*, un documental-escénico sobre a vida de Rosalía de Castro que tamén asina, dirixe e interpreta.

Crítico e estudoso do feito teatral en medios como Vieiros, Faro de Vigo, Protexa ou Praza Pública, actualmente colabora no magazine de crítica teatral da Revista Galega de Teatro.

BORJA INSUA LEMA

Borja Insua (Corcubión, 1982), titiriteiro, actor e escultor, con máis de quince anos adicado ao teatro profesional de títeres. Como creador de espectáculos de títeres destacan as obras: "Barrigaverde ataca de novo"; "Pequeko Kabaret de tolos", musical de marionetas de fío con máis de 200 actuacións en toda Galicia; "Mr. Pancho e a última función"; "El retablillo de don Cristóbal"; "Os títeres da vía láctea" espectáculo ambulante cun carro de monicreques conducido por unha egua; "O ferreiro e o diaño"; "Amor e crimes de Juan Pantera". Con dominio de tódalas técnicas: fíos, mesa, variña, luva e sombras chinesas.

Como constructor e manipulador de títeres ten participado en diversos espectáculos para distintas compañías, entre outros: "A frauta máxica no maxín", "As andainas dun monicreque", "Os 7 contos capitais" e "O Castelo da rocha vella", de Os Monicreques de Kukas, este último xunto coa Real Filarmonía de Galicia. "A pedra que arde", "Santiago, historia dunha viaxe", "O rei Artur e a abominable dama" e "A illa do tesouro", de Títeres Cachirulo. "O astrólogo, María e a pócima marabillosa", de Títeres Cascanueces.

Destaca a súa participación en recoñecidos festivais nacionais e internacionais: Festival Internacional de Títeres Pedro Carreón (México). Cruzada teatral de Guantánamo a Baracoa (Cuba). Proxecto *Titirinante* (México). Titiricuenca. Festival Internacional de Títeres de Jerez de la Frontera. Festival Internacional de Títeres de Bilbao. Festival Internazionale Teatro di Figura di Pinerolo (Italia). Festival Buratinarte (Italia). Festival Internacional de Títeres Galicreques, Santiago de Compostela, etc.

A súa ampla traxectoria permítelle impartir obradoiros de construción e manipulación de títeres de diversas técnicas: fío, luva, de reciclaxe,... tanto en Galicia como no extranxeiro.

Do traballo de actor salienta a súa interpretación en: "Buromanía" curtametraxe producida pola EICTV, Escuela Internacional de Cine y TV de San Antonio de los Baños (Cuba); "A ópera de a patacón", de Roberto Vidal Bolaño, dirixida por Lino Braxe; "Eu así non xogo" e "Supermáis", de Artur Trillo e Talía Teatro; "Polaroid" dirixida por Alberto Barreiro Warren e "Os teus desexos en fragmentos", dirixida por María Lado, de EIS Teatro.

Como escultor, é coñecido polas súas tallas en madeira, que se poden ver en exposicións como "A memoria", na Fundación Granell (2013), "Miscelánea" ou a recente "Fronteiras".

TÍTERES **ALAKRÁN**

Borja Insua Lema

Tel. 616 450 490

borxainsua@gmail.com

www.titeresalakran.com